



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/10/2012 11:17:43

SAIDA 21066 / RX 22854



En relación coa consulta formulada pola xefatura de inspección educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, comunícolle que no apartado segundo da Circular número 10/2008, da Secretaria xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o profesorado itinerante, manifestase que a compensación lectiva semanal establecida no apartado segundo do Acordo do 18 de febreiro de 2008 está baseada en que o profesorado itinerante ten que viaxar polas propias características do posto de traballo creado ou establecido pola Administración educativa. En consecuencia, neste caso concreto, a redución de horario lectivo non pode implicar un incremento do horario complementario fixo.

A compensación lectiva semanal non se condiciona a que o profesor ou profesora teña que viaxar no mesmo día de un centro a outro. O Acordo do 18 de febreiro de 2008 regula as condicións de traballo do profesorado que desempeña un posto de traballo ubicado en máis dunha localidade, o que lle impide residir na localidade de destino e, como lóxica consecuencia, lle obriga a desprazarse en determinados días da semana. Nos postos de traballo itinerantes hai un centro predominante, denominado centro base, polo que o apartado primeiro do Acordo do 18 de febreiro de 2008 fala do desprazamento desde o centro base ata outro ou outros centros públicos, sen que elo implique necesariamente co docente teña que pasar todos os días polo centro base.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2012

O director xeral de Centros e Recursos Humanos


José Manuel Pinal Rodríguez

XEFATURA DE INSPECCIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- PONTEVEDRA.